



BASES

XLIII Concurso de Baile Tradicional Xacarandaina

Pazo da Ópera, A Coruña
1 de Xuño de 2025 – Horario de tarde.

1. Neste concurso poden participar grupos de: Asociacións Folclóricas, Recreativas, Culturais, de Veciños, Centros Parroquiais etc.
2. Os grupos poden ser mixtos, femininos ou masculinos e estarán formados como mínimo por oito persoas (agás cando as características do baile o precisen).
3. A categoría determinarase pola media das idades dos compoñentes e ningún deles superará o límite da categoría en máis de dous anos.
 - Categoría A: ata os 10 anos
 - Categoría B: de máis de 10 a 14 anos
 - Categoría C: de máis de 14 a 18 anos
 - Categoría D: de máis de 18 anos en diante
4. Cada grupo terá que levar o seu acompañamento musical: gaiteros/as, pandereiteiras/os etc. que deberá estar presente no escenario vestindo o traxe tradicional. O acompañamento soamente solicitará o uso de cadeiras se o instrumento o precisa.

En cada unha das categorías serán concedidos os seguintes premios:

- 1º premio: trofeo e 350 €
- 2º premio: trofeo e 200 €
- 3º premio: trofeo e 100€

Se o número de grupos participantes nunha categoría é inferior a cinco, outorgarase un único premio (trofeo e 350 €).

Ademais, outorgaranse dous únicos premios compostos de trofeo para todas as categorías do concurso:

- Premio ao mellor vestiario.
- Premio ao mellor acompañamento.

5. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego.

6. A peza a interpretar deberá ser tradicional ou popular, nunca de autor. No caso de que a A. C. Xacarandaina tivera que pagar á S.G.A.E. pola interpretación dunha peza de autor, remitiríamos o pago á asociación correspondente.

No caso de que o baile presentado fose recollido polo Grupo de Baile Tradicional Xacarandaina, deberá contar coa súa autorización.

7. No momento da cualificación, o xurado terá en conta:

1. Autenticidade da peza.
2. Dificultade técnica.
3. Calidade na execución.

O XURADO ESTARÁ COMPOSTO POR PERSOAS ALLEAS A A. C. XACARANDAINA.

O XURADO TERÁ A LIBERDADE DE ESIXIR O D.N.I. OU LIBRO DE FAMILIA. NON PODERÁN ESTABLECER PREMIOS DESERTOS EN NINGUNHA DAS CATEGORÍAS.

8. Cada grupo terá un tempo límite de 5 minutos. O grupo que exceda dito tempo quedará descualificado.

9. O concurso terá lugar o domingo 1 de xuño no Pazo da Ópera de A Coruña, sito na Glorieta América s/n – 15004 A Coruña, en horario de tarde.

Debido a que é imposible superar a participación de 40 grupos, chegado a este número non se aceptarán máis solicitudes. Polo tanto, seguirase de forma estrita a orde de inscrición.

A hora de presentación, orde e normas dos grupos participantes serán enviadas previo o concurso vía correo electrónico.

11. O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O DÍA 18 DE MAIO.

12. As inscricións poden realizarse enviando debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta por correo electrónico: info@xacarandaina.com ou cubrindo un formulario a través do seguinte enlace: <https://forms.gle/uGBxyT8RVvoHMuHM9>

EXCLÚESE A VÍA TELEFÓNICA PARA REALIZAR AS INSCRICIÓN E NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA INSCRICIÓN POSTERIOR A ESTA DATA.

Co fin de ter un arquivo gráfico a asociación poderá realizar fotografías e vídeos das diferentes actividades. Ditas fotografías e vídeos serán incluídos nun ficheiro debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos da que é titular ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA e poderán ser usados pola mesma para mostrar tanto no local como na web www.xacarandaina.gal ou poderán ser utilizadas para a realización da carteleira e publicidade doutras actividades ou eventos que realice a asociación.

A A.C. Xacarandaina aclarará calquera dúbida a través do teléfono 981 277 315 ou por correo electrónico <mailto:info@xacarandaina.com>